

Cabida dos encravados: 0,89 ha.

Cabida pública: 279,71 ha.

Límites:

Parcela I: N: co río Xallas, do piquete 271 ata o 273 do deslindamento, e con propietarios particulares, do 273 ata o 324.

L: con propietarios particulares do lugar de Campelo, do piquete 324 ata o 407.

S: con propietarios particulares e o monte veciñal en man común da parroquia de Colúns, do piquete 407 ata o 137, e con propietarios particulares, do 137 ata o 159.

O: con propietarios particulares, do piquete 159 ata o 271.

Encravados: un identificado coa letra E no deslindamento.

Cabida total da parcela I: 150,27 ha.

Cabida do encravado: 0,77 ha.

Cabida pública: 149,50 ha.

Parcela II: N: co río Xallas, do piquete 549 ata o 550.

L: con propietarios particulares do lugar de Vilar, do piquete 550 ata o 604.

S: con propietarios particulares, do piquete 604 ata o 510.

O: con propietarios particulares, do piquete 510 ata o 549.

Encravados: un identificado coa letra F no deslindamento.

Cabida total da parcela II: 56,90 ha.

Cabida do encravado: 0,12 ha.

Cabida pública: 56,78 ha.

Parcela III:N: cos propietarios particulares recoñecidos na Sentenza 236/1996.

L: con propietarios particulares, do piquete 846 ata o 885.

S e O: co monte veciñal en man común da parroquia de Colúns, a partir do piquete 885 seguindo un muro de pedra que separa as dúas propiedades.

Encravados: ningún.

Cabida total da parcela III: 40,43 ha.

Cabida dos encravados: 0,00 ha.

Cabida pública: 40,43 ha.

Parcela IV: N: con propietarios particulares do lugar de Ponte Nova, do piquete 1.206 ata o 1.237.

L: co río Beba, do piquete 1.237 ata o 1.240, con propietarios particulares, do piquete 1.240 ata o 1.289, e co monte Ruña, nº 103-J do Catálogo dos montes de UP da Coruña, do 1.289 ata o 1.306.

S: con propietarios particulares, do piquete 1.306 ata o 1.311.

O: con propietarios particulares, do piquete 1.355 ata o 1.356, co monte veciñal en man común da parroquia de Colúns, do 1.356 ata o 1.170, e con propietarios particulares novamente, do 1.170 ata o 1.206.

Encravados: ningún.

Cabida total da parcela IV: 33,00 ha.

Cabida dos encravados: 0,00 ha.

Cabida pública: 33,00 ha.

#### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e contra ela poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo ante o conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, de acordo co disposto nos artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, ou exercer calquera outro que considere pertinente.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2005.

Alfredo Suárez Canal  
Conselleiro do Medio Rural

*Orde do 27 de xaneiro de 2006 pola que se regula a concesión das axudas destinadas ao desenvolvemento do Programa de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Existen evidencias científicas que demostran a resistencia natural dalgúns animais a determinadas enfermidades, relacionada con caracteres xenéticos. Esta resistencia pode ser determinada e medida empregando técnicas de xenotipado, e os estudos técnicos levaron á conclusión de que se poden establecer, en función do xenotipo do animal, categorías de resistencia ou de risco a padecer EET no caso do ovino.

A Decisión 2003/100/CE da Comisión, do 13 de febreiro de 2003, pola que se fixan os requisitos mínimos para o establecemento de programas de cría de ovinos resistentes ás encefalopatías esponxiformes transmisibles, fixa como obxectivo principal a inclusión, como obxecto de selección, do incremento da frecuencia dun determinado xenotipo do xen PRNP, para eliminar progresivamente os animais con xenotipos de maior sensibilidade e dispoñer dun gando ovino resistente a ese grupo de enfermidades.

O Real decreto 1312/2005, do 4 de novembro, polo que se establece o Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino, e a normativa básica das subvencións para o seu desenvolvemento, establece que as comunidades autónomas son as encargadas da xestión das subvencións que nel se recollen, polo que cómpre establecer a normativa galega para a xestión destas axudas.

En virtude do exposto, de conformidade co artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente,

#### DISPONGO:

##### Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto da presente orde é establecer as bases reguladoras das axudas encamiñadas ao desenvolvemento do programa de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e proceder á súa convocatoria para o ano 2006.

##### Artigo 2º.-Ámbito de aplicación.

Esta orde será de aplicación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

##### Artigo 3º.-Finalidade.

Establécense as seguintes liñas de subvencións para o desenvolvemento do Programa nacional de xenotipado ovino, en réxime de concorrencia competitiva:

a) Aplicación dos programas de selección xenética, especificados no capítulo II do Real decreto 1312/2005.

b) Emprego de centros de inseminación artificial, creación de bancos de ADN, creación de bancos de material xenético con destino á reprodución e desenvolvemento de programas de inseminación artificial.

c) Eliminación da reprodución, por sacrificio ou castración, de animais ovinos, machos, maiores de seis meses de idade, inscritos nun libro xenealóxico, con algún alelo VRQ no seu xenotipo.

##### Artigo 4º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nos parágrafos a) e b) do artigo 3, durante os 5 primeiros anos de desenvolvemento do programa, as organizacións de criadores que cumpran, como mínimo, os seguintes requisitos:

a) Que dispoñan do recoñecemento oficial da autoridade competente para a xestión do libro xenealóxico correspondente, en virtude do Real decreto 286/1991, do 8 de marzo, sobre selección e reprodución de gando ovino e cabrún de razas puras.

b) Que dispoñan dun programa de conservación ou de mellora aprobado pola autoridade competente.

c) Que dispoñan dun programa de selección xenética aprobado ou presentado para a súa aprobación pola autoridade competente, de acordo co establecido no capítulo II do Real decreto 1312/2005, do 4 de novembro.

2. Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas no artigo 3 c), os gandeiros titulares de explotacións que cumpran, como mínimo, o requisito de ser propietarios de animais reprodutores ovinos, machos, maiores de seis meses de idade, inscritos nun libro xenealóxico, con algún alelo VRQ no seu xenotipo, que fosen eliminados da reprodución, por sacrificio ou castración, no ano precedente, porén, na primeira solicitude poderán incluírse os animais machos, maiores de seis meses de idade, inscritos nun libro xenealóxico e con algún alelo VRQ, sacrificados desde o 14 de febreiro de 2003, de acordo ao establecido na Decisión 2003/100/CE da Comisión, do 13 de febreiro de 2003, pola que se fixan os requisitos mínimos para o establecemento de programas de cría de ovinos resistentes ás encefalopatías esponxiformes transmisibles.

##### Artigo 5º.-Solicitudes e prazo de presentación.

1. As solicitudes presentaranse preferentemente nos rexistros dos órganos dependentes da Consellería do Medio Rural. Así mesmo, poderán presentarse nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, á de calquera Administración das comunidades autónomas ou a algunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se subscribiu o oportuno convenio, ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de envío por correo, farase de acordo co regulamentariamente previsto no artigo 31 do Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais, en desenvolvemento do establecido na Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, que se presentará en sobre aberto, co obxecto de que na cabeceira da primeira folla do documento que se queira enviar se faga constar, con claridade, o nome da oficina e a data, o lugar, a hora e o minuto da súa admisión.

Á solicitude xuntaráse a documentación que de seguido se relaciona, e que está en función da liña de axuda solicitada:

1.1. Axudas dedicadas á aplicación de programas de selección xenética e ao emprego de centros de inseminación artificial, creación de bancos de ADN, creación de bancos de material xenético con destino á reprodución e desenvolvemento de programas de inseminación artificial. Á solicitude de axuda, segundo o modelo do anexo I deberá xuntarse a seguinte documentación:

-Acreditación da personalidade xurídica da entidade solicitante.

-Acreditación da representatividade do solicitante.

-Fotocopia cotexada do Código de identificación fiscal.

-Certificado orixinal da entidade financeira sobre a titularidade da conta na que se solicita o ingreso do importe da axuda.

-Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como

doutros ingresos ou recursos que financien o proxecto, ou, se é o caso, cubrir, debidamente asinada, a declaración que figura no anexo III.

-Documentos acreditativos dos requisitos exixidos do solicitante.

-Certificado do número de animais reprodutores inscritos no libro xenealóxico.

-Documentos que acrediten que os centros de inseminación artificial que van ser empregados están autorizados para os intercambios intracomunitarios de animais vivos, esperma e embrións, de acordo coa lexislación vixente na Unión Europea, de selo caso.

1.2. Axudas encamiñadas á eliminación da reprodución, por sacrificio ou castración, de animais ovinos, machos, maiores de seis meses de idade, inscritos nun libro xenealóxico, con algún alelo VRQ no seu xenotipo. Á solicitude de axuda, segundo o modelo do anexo II deberá xuntarse a seguinte documentación:

-Acreditación da representatividade do solicitante, de ser o caso.

-Fotocopia cotexada do DNI ou CIF.

-Certificado orixinal da entidade financeira sobre a titularidade da conta na que se solicita o ingreso do importe da axuda.

-Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien o proxecto, ou, se é o caso, cubrir, debidamente asinada, a declaración que figura no anexo III.

-Certificación do xenotipo ou carta xenealóxica na que conste o xenotipo.

-Documentación acreditativa do sacrificio ou castración.

2. O prazo de presentación de solicitudes finalizará o 27 de febreiro do ano 2006.

3. A presentación da solicitude de concesión de axuda polo interesado levará consigo a autorización á Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

4. Non obstante, quedan exentas de achegar os xustificantes do cumprimento das obrigas ás que se refire o artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, as especificadas no artigo 41 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

5. A Consellería do Medio Rural poderá solicitar dos peticionarios toda a información e xustificacións técnicas e económicas que considere necesarias, co obxecto de comprobar a realización das actuacións subvencionables e os custos derivados.

Artigo 6º.-Tramitación e resolución.

O órgano competente para a instrución e tramitación do procedemento é a Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria. A resolución do expediente correspóndelle ao conselleiro do Medio Rural, por proposta do director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.

De acordo co artigo 22 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a proposta de concesión será formulada por un órgano colexiado constituído para o efecto, formado por: presidente o subdirector xeral de Gandaría; vogal o xefe do Servizo de Planificación Gandeira, e secretario o xefe do Servizo de Producións Gandeiras; podendo prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados; neste caso a proposta de resolución formulada terá carácter definitivo. A consellería resolverá e notificará, nun prazo de seis meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia*, a aprobación da solicitude. A falla de comunicación no dito prazo poderase entender desestimatoria das peticións de axuda. Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá presentarse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación.

Artigo 7º.-Seguimento e control da concorrência e acumulación de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

1. Xunto coa solicitude inicial, os peticionarios das axudas presentarán unha declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións ou entes públicos, así como doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas ou o anexo III debidamente cuberto.

2. En calquera caso, coas xustificacións, e se houberse modificación da declaración anterior, o petionario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Artigo 8º.-Criterios de valoración e control da execución.

Na concesión das subvencións previstas nesta orde, cando as solicitudes excedan do crédito orzamentario, consignado para o efecto, darase prioridade á aquelas que, en maior medida, se axusten aos seguintes criterios mínimos:

a) Nas subvencións previstas nas letras a) e b) do artigo 3º:

1. Terán prioridade as organizacións de criadores oficialmente recoñecidas que xestionen razas autóctonas españolas sobre outras organizacións.

2. De entre as anteriores, terán prioridade as organizacións con maior censo de reprodutores participantes no correspondente programa de selección xenética.

b) Nas subvenciones previstas no artigo 3º c):

1. Terán prioridade os propietarios de animais pertencentes a razas autóctonas españolas sobre o resto de razas.

2. De entre os anteriores, terán prioridade os propietarios de animais pertencentes a razas con maior censo de reprodutores participantes no correspondente programa de selección xenética.

O control da execución dos programas levarao a cabo o persoal da Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.

Artigo 9º.-Contía das subvencións.

O importe da subvención, en concorrencia con outras axudas ou subvencións que poidan conceder outras administracións públicas, entes públicos adscritos ou dependentes destas, tanto nacionais como internacionais, e outras persoas físicas ou xurídicas de natureza privada, non poderá superar o custo total da actividade obxecto da subvención, nin os límites establecidos nos puntos 11.1.1, 11.4.3, 11.4.4 e 15.1 das directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario (2000/C 28/02), nin as seguintes contías máximas para cada subvención:

a) Para as subvencións previstas no artigo 3º a), a contía máxima será o 50% do custo de aplicación do programa de selección xenética, e en todo caso non superará as seguintes cantidades anuais:

1. 21.000 euros para as organizacións de criadores que xestionen razas catalogadas como de protección especial no Catálogo oficial de razas de gando de España, establecido polo Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro.

2. 30.000 euros para as organizacións de criadores que xestionen outras razas incluídas no Catálogo oficial de razas de gando de España, establecido polo Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro.

b) Para as subvencións previstas no artigo 3º b), a contía máxima será o 40% do custo da actividade desenvolvida e, en todo caso, non superará os 18.000 euros por organización de criadores.

c) Para as indemnizacións previstas no artigo 3º c), acadará ata un máximo do 50 por cento do prezo de mercado do animal na data do seu sacrificio ou castro, e, en todo caso, non superará os 450 euros por animal.

Artigo 10º.-Modificación das axudas.

1. As subvencións ás que se refire esta orde consideraranse subvencións máximas e poderán ser reducidas, por proposta da Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, cando exista concorrencia doutras axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ou doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

2. O pagamento da subvención realizarase con xustificación previa polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxecto ou adopción do comportamento para o que se concedeu, nos termos establecidos nesta orde.

3. O incumprimento dos requisitos exixidos para a concesión da subvención, con independencia doutras responsabilidades en que puidese incurrir o beneficiario, dará lugar á perda do dereito á subvención concedida, coa obriga de reembolsar as cantidades xa percibidas, incrementadas cos xuros legais de demora.

4. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ou doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 11º.-Reintegro da axuda e obriga de facilitar información.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, así como a exixencia do xuro de demora desde o momento do pagamento da subvención, nos supostos previstos no artigo 37.1º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Así mesmo, ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como as que lle solicite calquera órgano comunitario de inspección ou control.

No tocante a infraccións e sancións, será de aplicación o título IV, infraccións e sancións administrativas en materia de subvención, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 12º.-Réxime de incompatibilidades.

As subvencións previstas nesta orde serán compatibles entre si e con calquera outras que, para a mesma finalidade e obxecto, puidesen establecer outras administracións públicas. Emporiso, o importe total das axudas percibidas por cada beneficiario, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, non poderá superar o custo de toda a actuación subvencionada para o período de que se trate, nin os límites establecidos nos números 11.1.1, 11.4.3, 11.4.4 e 15.1 das directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario (2000/c28/02), polo que, no caso de obtención concorrente de ditas axudas, o importe da subvención regulada neste real decreto reducirase na proporción que corresponda, ata respectar o dito límite.

Artigo 13º.-Xustificacións.

1. No caso das subvencións previstas nos parágrafos a) e b) do artigo 3º da presente orde:

1.1. As xustificacións técnicas e económicas da realización do programa deberán presentarse antes do 15 de novembro, preferentemente no rexistro da consellería, das súas delegacións provinciais ou nas oficinas agrarias

comarcais. Así mesmo, poderán presentarse nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, á de calquera Administración das comunidades autónomas ou a algunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se subscribiu o oportuno convenio ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Achegaranse os xustificantes orixinais de investimento total, unha relación informatizada destes, salvo no caso que o beneficiario sexa unha persoa física, e unha memoria explicativa sobre a súa realización do programa auxiliado, que probe a entrega efectiva dos produtos ou a prestación efectiva dos servizos.

A relación informatizada debe constar dos seguintes campos: concepto, provedor, número de factura, data de emisión e data de pagamento, base imponible, importe correspondente ao IVE e importe total con IVE.

1.2. O pagamento da subvención realizarase previa xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxecto ou adopción do comportamento para o que se concedeu nos termos establecidos na presente orde.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado, de xeito que aqueles gastos presentados nos que non se xustifique o seu pagamento terán que se xustificar no momento no que se realicen, para que a axuda se poida pagar. Por regra xeral, os pagamentos realizados polo beneficiario final deberán xustificarse mediante facturas orixinais pagadas. Nos casos nos que isto non sexa posible, os pagamentos xustificaranse por medio de documentos contables de valor probatorio equivalente.

1.3. Os beneficiarios, ademais do indicado no parágrafo segundo deste artigo, deberán presentar unha memoria do programa desenvolvido, asinada polo facultativo responsable da execución deste, que mostre a evolución do programa no período.

1.4. De acordo co artigo 30, apartado 4º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

1.5. De acordo co artigo 31, apartado 3º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros, no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no caso de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a presentación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía e debe xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

2. No caso das subvencións previstas no parágrafo c) do artigo 3º da presente orde, as xustificacións correspondentes serán presentadas xunto á solicitude.

Artigo 14º.-Financiamento.

1. As axudas que deriven da aplicación da presente orde proceden dos orzamentos xerais do Estado, e financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, 11.03.613-A.770.0 dotada para esta finalidade con 45.000 euros.

A concesión da axuda estará sometida á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-En todas aquelas cuestións non previstas na presente orde haberá que atermos ao disposto nos artigos 78 e 79 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (DOG do 5 de novembro) coas modificacións introducidas pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo (DOG do 30 de decembro), no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Segunda.-As axudas reguladas pola presente orde, rexeranse polas normas comunitarias aplicables e concretamente polo Regulamento (CE) nº 1447/2001 do Consello, do 28 de xuño de 2001 que modifica o Regulamento (CE) nº 1260/1999 polo que se establecen disposicións xerais sobre os fondos estruturais, o Regulamento (CE) nº 1257/1999 sobre axuda ao desenvolvemento rural a cargo do FEOGA, o Documento 2000/c28/02 directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario e o Real decreto 1312/2005, do 4 de novembro, polo que se establece o Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino, e a normativa básica das subvencións para o seu desenvolvemento.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para ditar as normas necesarias para o mellor cumprimento e desenvolvemento da presente orde.

Segunda.-A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2006.

Alfredo Suárez Canal  
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO I



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



**MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN**

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE SELECCIÓN XENÉTICA PARA A RESISTENCIA ÁS ENCEFALOPATÍAS ESPONXIFORMES TRANSMISIBLES EN OVINO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR537C</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DO SOLICITANTE**

ENTIDADE		NOME		CIF	
ENDEREZO				CONCELLO	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	

**E, na súa representación:**

APELLIDOS		NOME		NIF	
ENDEREZO				CONCELLO	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	

**AXUDA QUE SOLICITA**

<input type="checkbox"/>	APLICACIÓN DOS PROGRAMAS DE SELECCIÓN XENÉTICA.
<input type="checkbox"/>	EMPREGO DE CENTROS DE INSEMINACIÓN ARTIFICIAL, CREACIÓN DE BANCOS DE ADN, CREACIÓN DE BANCOS DE MATERIAL XENÉTICO CON DESTINO Á REPRODUCCIÓN E DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE INSEMINACIÓN ARTIFICIAL.

**DATOS BANCARIOS**

BANCO		OFICINA			
CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE		

**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA**

<input type="checkbox"/>	ACREDITACIÓN DA PERSONALIDADE XURÍDICA DA ENTIDADE SOLICITANTE.
<input type="checkbox"/>	ACREDITACIÓN DA REPRESENTATIVIDADE DO SOLICITANTE.
<input type="checkbox"/>	FOTOCOPIA COTEXADA DO CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL.
<input type="checkbox"/>	CERTIFICADO ORIXINAL DA ENTIDADE FINANXEIRA SOBRE A TITULARIDADE DA CONTA NA QUE SE SOLICITA O INGRESO DO IMPORTE DA AXUDA.
<input type="checkbox"/>	DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO PROXECTO DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES OU CALQUERA DOS SEUS ORGANISMOS, ENTES OU SOCIEDADES, ASÍ COMO DOUTROS INGRESOS OU RECURSOS QUE FINANCIEN O PROXECTO, OU, SE É O CASO, CUBRIR, DEBIDAMENTE ASINADA, A DECLARACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO III.
<input type="checkbox"/>	DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS REQUISITOS EXIXIDOS DO SOLICITANTE.
<input type="checkbox"/>	CERTIFICADO DO NÚMERO DE ANIMAIS REPRÓDUTORES INSCRITOS NO LIBRO XENEALÓXICO.
<input type="checkbox"/>	DOCUMENTOS QUE ACREDITEN QUE OS CENTROS DE INSEMINACIÓN ARTIFICIAL QUE VAN SER EMPREGADOS ESTÁN AUTORIZADOS PARA OS INTERCAMBIOS INTRACOMUNITARIOS DE ANIMAIS VIVOS, ESPERMA E EMBRIÓNS, DE ACORDO COA LEXISLACIÓN VIXENTE NA UNIÓN EUROPEA, DE SER O CASO.

O/A abaixo asinante declara que ten coñecemento da normativa reguladora desta axuda e polo tanto solicita que lle sexa concedida a axuda establecida na Orde do \_\_\_\_\_ da Consellería do Medio Rural, pola que se regula a concesión de axudas destinadas ao desenvolvemento do programa de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino.

A presentación da solicitude de concesión de axuda polo interesado conlevará a autorización á Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Orde do 27 de xaneiro de 2006 pola que se regula a concesión de axudas destinadas ao desenvolvemento do Programa de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino na Comunidade Autónoma de Galicia.</i></p> <p><i>Real decreto 1312/2005, do 4 de novembro, polo que se establece o Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino, e a normativa básica das subvencións para o seu desenvolvemento.</i></p>
<p>SINATURA DO SOLICITANTE O/ PERSONA QUE O REPRESENTA</p> <p>_____ de _____ de 200</p>

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
		/ /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		/ /
		DATA DE SAÍDA
		/ /

Conselleiro do Medio Rural

## ANEXO II



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



**MINISTERIO DE  
AGRICULTURA, PESCA  
E ALIMENTACIÓN**

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE SELECCIÓN XENÉTICA PARA A RESISTENCIA ÁS ENCEFALOPATÍAS ESPONXIFORMES TRANSMISIBLES EN OVINO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR537C</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

## DATOS DO SOLICITANTE

ENTIDADE		NOME		CIF
ENDEREZO			CONCELLO	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

## E, na súa representación:

APELIDOS		NOME		NIF
ENDEREZO			CONCELLO	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

## AXUDA QUE SOLICITA

- ELIMINACIÓN DA REPRODUCCIÓN, POR SACRIFICIO OU CASTRACIÓN, DE ANIMAIS OVINOS, MACHOS, MAIORES DE SEIS MESES DE IDADE, INSCRITOS NUN LIBRO XENEALÓXICO, CON ALGÚN ALELO VRQ NO SEU XENOTIPO.

## DATOS BANCARIOS

BANCO		OFICINA		
CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE	

## DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- ACREDITACIÓN DA REPRESENTATIVIDADE DO SOLICITANTE, DE SER O CASO.
- FOTOCOPIA COTEXADA DO DNI OU CIF DO SOLICITANTE.
- CERTIFICADO ORIXINAL DA ENTIDADE FINANCEIRA SOBRE A TITULARIDADE DA CONTA NA QUE SE SOLICITA O INGRESO DO IMPORTE DA AXUDA.
- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO PROXECTO DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES OU CALQUERA DOS SEUS ORGANISMOS, ENTES OU SOCIEDADES, ASÍ COMO DOUTROS INGRESOS OU RECURSOS QUE FINANCIEN O PROXECTO, OU, SE É O CASO, CUBRIR, DEBIDAMENTE ASINADA, A DECLARACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO III.
- CERTIFICACIÓN DO XENOTIPO OU CARTA XENEALÓXICA NA QUE CONSTE O XENOTIPO.
- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO SACRIFICIO OU CASTRACIÓN.

O/A abaixo asinante declara que ten coñecemento da normativa reguladora desta axuda e polo tanto solicita que lle sexa concedida a axuda establecida na Orde do \_\_\_\_\_ da Consellería do Medio Rural, pola que se regula a concesión de axudas destinadas ao desenvolvemento do programa de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino.

A presentación da solicitude de concesión de axuda polo interesado conlevará a autorización á Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

## LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 27 de xaneiro de 2006 pola que se regula a concesión de axudas destinadas ao desenvolvemento do Programa de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Real decreto 1312/2005, do 4 de novembro, polo que se establece o Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino, e a normativa básica das subvencións para o seu desenvolvemento.*

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

, de

de 200

Conselleiro do Medio Rural

## (Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

## ANEXO III

D./Dña. \_\_\_\_\_, en nome propio ou en representación da entidade \_\_\_\_\_ con DNI ou CIF da entidade \_\_\_\_\_ e enderezo en \_\_\_\_\_

**DECLARO:**

- Que non solicitei e non se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como non existir outros ingresos ou recursos que financien o proxecto.
- Que solicitei e se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como outros ingresos ou recursos que financien o proxecto, a saber:

\_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_

Asdo.:

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

*Resolución do 10 de xaneiro de 2006, da Dirección Xeral de Saúde Pública, pola que se fai pública a celebración dun curso homologado de nivel básico para a obtención do carné de aplicadores/manipuladores de praguicidas de uso ambiental e uso na industria alimentaria (tratamentos DDD).*

A Orde do 30 de xullo de 1997, conxunta das consellerías de Agricultura, Gandería e Montes e de Sanidade e Servizos Sociais, polo que se establece na Comunidade Autónoma de Galicia, a normativa reguladora para a homologación de cursos de capacitación para realizar tratamentos con praguicidas, así como, para a obtención do carné de manipuladores destes produtos, establece no seu artigo 8.6º que os ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo comunicarán aos organismos responsables na comunidade autónoma, a homologación dos ditos cursos e no seu artigo 9 a obrigatoriedade de que o organismo oficial res-

ponsable publique no *Diario Oficial de Galicia* a información correspondente a cada curso que se vai celebrar.

En consecuencia, anúnciase a celebración dun curso de aplicadores/manipuladores de praguicidas de uso ambiental e uso na industria alimentaria, nivel básico, homologado polas direccións xerais de Saúde Pública do Ministerio de Sanidade e Consumo e de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, solicitados polo Centro de Estudos Cacumen, de acordo coas seguintes bases:

1. Denominación do curso: curso de manipulador de praguicidas de uso ambiental e na industria alimentaria, nivel básico.
2. Entidade organizadora: Centro de Estudos Cacumen.
3. Data: do 25-2-2006 ao 18-3-2006.
4. Lugar de celebración: Centro de Estudos Cacumen, Concepción Arenal, 18-1º, 27004 Lugo.
5. Número de prazas: máximo 18 alumnos.